



---

## DITAME SOBRE O ANTEPROXECTO DE LEI GALEGA PARA A PREVENCIÓN E TRATAMENTO INTEGRAL DA VIOLENCIA DE XÉNERO.

---

O Pleno do Consello Escolar de Galicia, na súa sesión do día 21 de novembro de 2006, emite o seguinte ditame en relación ao capítulo IV (medidas no ámbito educativo) do Anteproxecto de Lei galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero.

- 1.- O Consello Escolar de Galicia propón que se suprima o punto 1 do artigo 28 xa que, os temarios esixidos nos diversos procesos selectivos de ingreso e acceso aos corpos de mestres e mestras, do profesorado de ensinanza secundaria e formación profesional non son competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.
- 2.- Para o punto 3 do artigo 28, propónse a supresión da expresión “preferente e”.
- 3.- O Consello Escolar propón a substitución do texto do punto 4 do artigo 28 polo seguinte: “A Administración educativa galega, en colaboración co órgano da Administración autonómica que ostente a competencia en materia de políticas de igualdade de oportunidades, incluirá nos seus programas de formación a adquisición de coñecementos, de habilidades e de valores que se relacionen coa educación para a igualdade.
- 4.- Para o artigo 29, propónse unha nova redacción: “A Administración educativa galega, en colaboración co órgano da Administración autonómica que ostente a competencia en materia de políticas de igualdade de oportunidades, impulsará a realización de actividades dirixidas á comunidade escolar para a prevención de comportamentos e actitudes sexistas e de violencia de xénero, destinadas a afondar nas estratexias para a análise e resolución de conflitos, así como na aprendizaxe da convivencia baseada no respecto a todas as persoas, garantindo e fomentando actitudes, valores e capacidades que contribúan a un auténtico desenvolvemento integral de mulleres e homes. Para iso terán en conta as consideracións do Observatorio Galego para a Convivencia Escolar”.
- 5.- No punto 1 do artigo 30 propónse a substitución do texto polo seguinte: “A Administración educativa galega, no ámbito das súas competencias, velará para que na edición dos materiais educativos se exclúan todos os contidos que vulneren o principio de igualdade”.
- 6.- Para o punto 2 do artigo 30, propónse o seguinte texto en substitución do existente: “A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, en colaboración co órgano da Administración autonómica que ostente a competencia en materia de políticas de igualdade de oportunidades, difundirá proxectos e materiais didácticos actualizados e dirixidos a todos os niveis educativos, que conteñan pautas de conduta que transmitan valores de respecto e igualdade, de xeito que se favoreza a prevención de actitudes e situacións violentas. Ao mesmo tempo velarán para que en todas as convocatorias de proxectos, de premios e materiais didácticos dirixidos a todos os niveis educativos que financien, conteñan estes valores”.
- 7.- Propónse tamén para o artigo 30 un novo punto, co seguinte texto: “3.- A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, de forma conxunta coas de Sanidade e a que ostente competencias en



materia de políticas de igualdade de oportunidades, promoverá a elaboración de protocolos que contemplen sintomatoloxía de actitudes no alumnado ou familias que podan orientar sobre a posible existencia de violencia de xénero ou familiar e os procedementos de actuación ante outras instancias que interveñen na atención das mulleres e os seus fillos vítimas de violencia de xénero”.

8.- O Consello Escolar de Galicia propón a inclusión dun novo punto no artigo 30, co seguinte texto: ”A Administración autonómica que ostente a competencia en materia de políticas de igualdade de oportunidades colaborará cos movementos de renovación pedagóxica e con asociacións e institucións sen ánimo de lucro e con fins educativos, na elaboración de unidades didácticas interdisciplinares e no desenvolvemento de proxectos que favorezan actitudes positivas e preventivas a todo tipo de violencia de xénero, que ademais contribúan á convivencia”.

9.- Para o artigo 31, propónse unha nova redacción en substitución dos dous parágrafos existentes: “A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria velará para que nos contidos dos currículos dos distintos niveis educativos, así como na linguaxe empregada na súa redacción, se contemple o valor da igualdade de mulleres e homes. En todo caso, o desenvolvemento do currículo dos diferentes niveis do sistema educativo, de acordo co lexislado na Lei 2/2006, de 3 de maio, de educación, adaptárase ao disposto no artigo 9 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes”.

10.- O Consello Escolar propón un novo texto para o artigo 33, que diga: “Os proxectos educativos de centro integrarán nas súas determinacións, pautas de conduta que fomenten o desenvolvemento de actitudes de respecto ao corpo de todas as persoas, autoestima, seguridade persoal e capacitación para a práctica de relacións humanas baseadas no respecto e a non violencia. A Administración educativa velará para que se cumpran estas determinacións”.

11.- Propónse a supresión do artigo 35 no que se pide que se garanta a representación e participación do órgano da Administración autonómica que ostente a competencia en materia de políticas de igualdade no Consello Escolar de Galicia.

O Secretario

V. e Pr.

A Vicepresidenta

Asdo.: José Alejo Losada Aldrey

Asdo.: Milagros Blanco Pardo